

A golpe de efeméride

Os prelos collen pulo ao fío do 8 de marzo e do Día das Letras. Mesmo co vento de fronte, agromarán novos proxectos editoriais // Belén Puñal

A falta doutros respiros, entre que a crise aperta as caravillas do presente e que a irrupción do libro electrónico sementa incertezas no futuro, benvidas son as efemérides na industria da edición. Entre a celebración do 8 de Marzo e o Día das Letras, os prelos arrequecen de novo as engrenaxes. Para pequenos e maiores, da divulgación ao académico, da creación á ficción, as editoras apuran ao seu favor as sinerxias mediáticas das datas. Da historia do feminismo galego que acaba de presentar Xerais á nova colección infantil sobre igualdade do selo Baía. Do ensaio de Antón Patiño sobre Novoneyra en Espiral Maior ás habituais biografías e libros bibliográficos sobre o homenaxeado no Días das Letras.


Pero a primavera lectora dará para bastante nestes meses de marzo e abril. Mesmo para congratularse, e máis aínda cando os ventos baten de fronte, do nacemento dunha nova editora, 2.0, e tamén dalgunha que outra colección. Entre os abrochos da estación que nace, as xa prometidas novelas de Marcos Calveiro e Teresa Moure, tamén Vicente Araguas en relatos, o novo de Xavier Rodríguez Baixeras, Ribadulla Corcón ou Marga Doval en poesía e as últimas entregas, na literatura infantil e xuvenil, de Fina Casalderrey, Gloria Sánchez ou Xoán Babarro.

A MÁQUINA DAS LETRAS

As vésperas do mes das Letras virán frutíferas en libros co selo de Novoneyra. Case todos eles reedicións, biografías de divulgación e antoloxías. Moi pouco, ao menos no que queda de marzo e abril, de ensaio sobre o poeta, a non ser o xa mencionado de Antón Patiño, *Universo Novoneyra. A poética do intre*, que publicará Espiral Maior).

Pasarán de novo polo prelo *Os eidos. Libro do Courel* (Xerais), *Do Courel a Compostela*, en Galaxia, e tamén as *Elexías*, das que Alvarellos publica a versión bilingüe (galego-castelán), con tradución elaborada polo propio Novoneyra e mais a súa dona. As dúas últimas obras con CD incluído coa voz do poeta. Percorrendo a poesía diversa de Novoneyra, e contra os tópicos que o ligan a unha determinada maneira de facer, constrúe o crítico Arturo Casas a súa antoloxía sobre o escritor, tamén en Galaxia. E, en Toxosoutos, teremos oportunidade de descubrir varios textos inéditos do poeta, ao redor de temas que van dende a política á lingua e o mundo do libro. Será en *Uxío Novoneyra. Home e terra*, o volume ao redor da súa obra escrito por Xosé Lois García.

Entre a biografía e a creación sitúase *A distancia do lobo*, de Antón Lopo (Galaxia), monólogo posto en boca do Courel, que transita dende os seus últimos días até a infancia. Do espírito divulgador e didáctico bebe o xa tradicional *Diccionario* que anualmente elabora TresCTres sobre dos homenaxeados e homenaxeadas do 17 de maio. Como proposta para achegar o poeta aos carrizos da casa, a de Fran Alon-



Uxío Novoneyra // Arquivo TEMPOS Novos

so na colección Merlín de Xerais, *Folerpas de Novoneyra*. Editorial, por certo, na que se reeditarán *Dos soños teimosos*, o libro de conversas entre Emilio Araúxo e o poeta, publicado pouco antes da súa morte.

VOCES E VERSOS

Mais, para quen queira procurar versos alén do Día das Letras, poderá reconfortarse, por exemplo, coa chegada das novas obras de Xavier Rodríguez Baixeras – *Deserto diamantino*, gañadora do premio Caixanova de Poesía, na editorial Danú-, Ribadulla Corcón – *Os papeis do vagabundo*, en Espiral Maior– ou Marga Doval – *A cidade sen roupa ao sol*, tamén en Espiral-. Nesta mesma editora poderemos ler *Microcosmos*, de María Novo, e *Ático*, de Arsenio Iglesias Pazos. E, en Sotelo Blanco, o poemario galardoadado na última edición do Eusebio Lorenzo Baleirón, que este ano nos descubriu un poeta novo, Xosé Daniel Costas Currás, con *Conservas*. Do Cumio, pola súa banda, fai aposta polo audiolibro cunha nova colección, *Antoloxías sonoras*. Inaugúra Xosé María Álvarez Cáccamo.

PRIMAVERA EN NOVELA

Xa noutras ocasións anunciamos as vindeiras entregas de Teresa Moure – *A intervención*-, Marcos Calveiro – *Settecento*– e Luís García Maña, – *O grito da Ipiranga*-. As novelas chegarán finalmente aos andeis neste inicio da primavera. Coñeceremos tamén o próximo de Carlos Reigosa, *A lei das ánimas* (Galaxia), que recupera ao investigador Nivardo Castro, aínda que desta volta o protagonismo real sexa o da Santa Compañía. De Xavier Rodríguez López, escritor oriúndo da Za-

mora galegofalante, poderemos ler *Hai que ir morrendo* (A Nosa Terra), novela sobre a proximidade da morte, e en Biblos, a obra gañadora do premio de novela por entregas de *La Voz de Galicia: Con acuse de recibo*, de Alberto Ramos..

Para quen guste do relato curto, unha proposta máis. Vicente Araguas volve cunha vintena de narracións que nos achegan, en *Xuvia-Neda*, á súa terra de orixe, ambaradas no erotismo, na melancolía e nas historias de personaxes difusas e outras con moito de certo.

Dará a nova estación para ver a estrea como novelista do político nacionalista Manuel Portas, en *Denso recendo a salgado* (Xerais) e para petear nun outro relato de acabalo entre a narrativa e o ensaio: *Á demanda do berce infalíbel de Cristovo Colón* (Baía), de Loreta Lontra.

LERIAS DE FÓRA

Do asturiano ao xaponés, poderemos lambetar nesta primavera varios petiscos traducidos ao galego. Poderían ser máis pero a conxelación das axudas da Xunta á tradución en 2009 e o feito de que aínda non se resolvese a convocatoria publicada no pasado decembro, manteñen na cola de espera varios libros. Así acontece con *Onte*, da húngara Agótha Kristov; *Dez*, do italiano Andrej Longo, e *Gëtz e Mayer*, do iugoslavo David Albahari, todos eles en Rinoceronte.

A editora 2.0, que se presentará en sociedade este 18 de marzo en Compostela, apostará, a través da colección Mundos, por achegarnos en galego obras de ficción social de grandes autores da literatura universal. Arrincan con *Guía do autoestopista galáctico*, de Douglas Adams; *Sen*

novas de Gurb, de Eduardo Mendoza, e *O home que era xoves*, de G.K. Chesterton.

De Galaxia chegan outras dúas propostas: *O agasallo da vida*, título aínda provisorio da novela da autora francesa Anna Gavalda, da que xa saíra no mesmo selo *Xuntos e máis nada*, e *Nocturnos*, de Kazuo Ishiguro, relatos coa música como común denominador. E de Xerais, o último Premio Nacional de Narrativa, traducido do éuscaro: *Bilbao–New York– Bilbao*, de Kirmen Uribe.

Tamén á tradución chegará recendo de poesía. Velai as edicións bilingües de *Os nomes da terra* (Positivas), de Xuán Bello, autor da que se coñece como a gran obra en asturiano, *Historia universal de Paniceiros*, e *Antoloxía poética galego-castelá* de José Millares Paz, o gran poeta canario de versos forxados na posguerra e fronte á ditadura.

PENSAMENTO DE RESISTENCIA

Non é habitual que un libro de non ficción entre nas listas dos máis vendidos. 55 mentiras sobre a lingua galega, de Henrique Costas, estao a facer, o que dá conta do que Manolo Rivas deu en chamar o ADN da resistencia na cultura galega. Tamén ao fío das abatidas da actual política lingüística, e completando a xa nutrida restrá de libros ao respecto, saíran do prelo en breve dous novos traballos: *No hay problema* (Xerais), de Carlos Callón, compilación de diversos artigos e traballos do presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, e *Lingua e futuro* (Laiovento), coordinado pola profesora Goretti Sanmartín.

Á procura de fendas fronte ao pensamento monolítico xorde a nova colec-



Marcos Calveiro // [Olalla Lojo](#)



Fina Casalderrey // [fina.casalderrey.com/](#)

ción de Estaleiro, en coordinación co colectivo Derriba. Co fin de espallar debates e ideas apenas divulgadas no país, acaban de sacar do forno dúas obras, introductorias ao pensamento de Toni Negri e Gianni Vattimo. Respectivamente, *Outro xeito de ser*, asinado baixo o pseudónimo de Brais Arribas, e *A potencia da multitude*, rubricado polo tamén ficticio Abraham Rubín.

Fronte ao pensamento dominante érguese a teoría e a práctica feminista. Mónica Bar Cendón repasa o percorrido do movemento no país en *Feministas galegas*, que vén de presentar Xerais, mentres o novo volume da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas (Difusora), afondará na análise académica, dende os estereotipos mediáticos á discriminación laboral ou a igualdade na educación.

Para quen guste de derrubar tópicos, quizais lle aproveite un outro ensaio. *Os Celtas*, de Francisco Calo Lourido (Xerais), percorre as teorías xurdidas ao respecto dende a historiografía, a etnografía e a lingua, e busca un camiño propio e afastado de mistificacións.

A VOLTAS COS 80

A reflexión metaliteraria segue a dar de si baixo o pulo de Espiral Maior. A editorial sacou recentemente do prelo tres ensaios dende e arredor da xeración dos 80, e prepara, para os vindeiros meses, novos títulos doutros autores da xeración agora de moda: Xulio López Valcárcel – *Confesión de parte. Inventario de lecturas e Poéticas*– e Luciano Rodríguez – *Páxinas amarelas*–.

De seguirmos afondando na literatura a se pensar, cómpre non esquecer a publicación, nesta primavera, do traballo gañador do último premio Vicente Risco de Ensaio, en Laiovento. Volve Pilar García Negro ao redor da figura de Rosalía, descubríndoa, neste 125 cabodano da súa morte, como iniciadora do ensaio en galego e pioneira na defensa da conciencia de xénero.

CATIVANDO

A campaña de primavera vén co bandullo cheo de novas historias para a xente miúda. Mesmo para os que apenas empezan a explorar o mundo. A partir de 12 meses, Tambre ofrece novas entregas da colección Xurxiño, de Miguel Vázquez Freire (*A xogar e Voume bañar*), e para o tramo de 2 a 5 anos, Baía saca do prelo *Antón, si tall*, escrito por Arturo Iglesias e con ilustracións de Xosé Tomás.

Oqo e Kalandraka seguirán a cativar cos seus álbums coidados. A primeira explorará cos pequechos os terrores nocturnos (*cando non atopas a túa casa*, da escritora Paloma Sánchez e a ilustradora Joanna Concejo) e a curiosidade infantil polos porqués (*O embigo de Xanecas*, de Ramón Aragües e Francesca Chessa). Kalandraka, pola súa banda, traeranos a obra dun referente da ilustración infantil internacional (Quentin Blake con *Os petos de Loreto*) e adaptará un dos clásicos dos irmáns Grimm que terá como título *Os catro amigos*. En *Dióxenes*, premio Lazarillo de Creación Literaria, achegaranos á síndrome de tal nome.

A literatura infantil agasallaranos co último de nomes ben coñecidos neste eidos, como Fina Casalderrey (*Un saco de estrelas*), Xoán Babarro (*Macarrón de narices*) e Gloria Sánchez (*Florentino, o príncipe quino*), os tres na colección Merlín de Xerais, onde tamén publicará Mar Guerra *Xenaro e a hucha do indiano*.

Veremos recuncar nos contos para cativos a Miro Villar (*A cobiza do verme*, en Galaxia), Bernardino Graña (*O corvo que andou de pato*, en A Nosa Terra), Xavier Seoane (*Filiberto e Sofonisba*, en Tambre) e García Teijeiro (*Verbas de sol*, en Xerais). E descubriremos os primeiros pasos dun escritor novo neste eido, o xornalista Manuel Darriba, con *Brais e os demais*, na colección Árbore de Galaxia, onde tamén publican María Canosa (*Matías, un pito de campionato*) e Miguel Anxo Mourino (*As noces do arco da vella*).

O tirón da literatura fantástica seguirá a deixar pegadas. Tras publicar o segundo volume da épica *O brindo de ouro*, Xerais estrea unha nova serie, *Dragal*, de Elena Gallego Abad, finalista da última edición do premio Caixa Galicia. A editorial tamén aproveitará para publicar na mesma colección o premio Lazarillo 2009, *O pintor do sombreiro de malvas*, co que Marcos Calveiro fai dobrete esta primavera Os andeis da literatura xuvenil incorporarán proximamente a Rafael Lema na editorial Tambre (*O tesouro da corsaria*) e dous títulos dunha nova serie de aventuras de Jaureguizar, *As aventuras de Tintimán*, que se estrea con *Corazón de chocolate* e *A coroa de Napoleón*.

ESCRITA A ESCENA

A escrita dramática dará ao prelo, neste comezo de estación, tres novos títulos. A premiada *Flores de Dunsiname*, dun dos referentes do teatro en galego, Manuel Lourenzo (Xerais); *Pressing Catch*, que publica Positivas á par que se estrea a obra nos teatros, e a aposta da editorial Estaleiro por Clara Gallo, con dúas pezas publicadas no mesmo volume: *Movidas e Razóns de peso*. Benvida sexa a un campo, a dramaturxia, ben necesitado da escrita e do ollar das mulleres. Na editorial Difusora poderemos atopar tamén un repaso polos quince anos da MITEU, a Mostra de Teatro Universitario de Ourense. E así, de efeméride a efeméride, pechamos o pano e abrimos a primavera. Que veña con fame lectora.

librería pedreira

Rúa do Home Santo, 55
Tel.: 981 58 54 03 Fax: 981 58 09 84
Santiago de Compostela [www.librariapedreira.com](#)

Os libros que lemos



55 mentiras sobre a lingua galega · X. Henrique Costas · Laiovento, 2010 · 79 páx · 8 euros



El tiempo entre costuras · María Dueñas · Temas de Hoy, 2009 · 608 páx · 22 euros



A praia dos afogados · Domingo Villar · Galaxia, 2009 · 512 páx · 19,90 euros



Venganza en Sevilla · Matilde Asensi · Planeta, 2010 · 300 páx · 20,90 euros



Ollos de auga · Domingo Villar · Galaxia, 2006 · 248 páx · 16,50 euros



Los ojos amarillos de los cocodrilos · Katherine de Pancol · La esfera de los libros, 2009 · 552 páx · 21,90 euros



Memorias dun ninguén · Carlos Mella · Galaxia, 2009 · 176 páx · 14 euros



La mecánica del corazón · Mathias Malzieu · Mondadori, 2009 · 176 páx · 13,90 euros



A cociña de Larpeiros. 150 receitas · Benigno Campos · Galaxia, 2009 · 180 páx · 20 euros



Lo verdadero es un momento de lo falso · Lucía Etxebarria · Suma, 2010 · 400 páx · 19,90 euros

Estes son algúns dos libros máis vendidos en Galiza nos últimos días. A táboa fíxose recollendo datos das seguintes librarías:

La casa del libro (Vigo) [www.casadellibro.com](#)
Couceiro (Santiago) [www.librariacouceiro.com](#)
Trazos (Cee) [www.trazosexpress.com](#)
Torga (Ourense) [www.torga.net](#)
Andel virtual (Vigo) [www.andelvirtual.com](#)
C.C. Compostela (Santiago) [www.elcorteingles.es](#)

Os datos non reflicten directamente os exemplares vendidos e, ademais, corresponden a magnitudes non ponderábeis. Abstéñanse teses. Calquera suxestión ou proposta sobre esta táboa, poden enviala ao correo protextat@tempsonovos.net